



CONVOCATORIA DE CURSOS PARA PROFESORADO DE FRANCÉS

Diploma de estudos en lingua francesa: DELF Escolar

Ao abeiro do convenio de colaboración para a obtención do Diploma de estudos en lingua francesa na súa versión escolar -asinado o 29 de xuño de 2016 entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Servizo de Cooperación e de Acción Cultural da Embaixada de Francia en España- (<http://www.edu.xunta.gal/portal/node/19401>) que, na súa cláusula quinta, establece a habilitación do profesorado de francés para examinar e corrixir as probas dos exames do DELF escolar, as *Alliance Française* de Santiago de Compostela e Vigo convocan dous cursos de formación para profesorado de francés.

Ambos os dous cursos serán impartidos por formadores acreditados polo CIEP -Ministerio de Educación de Francia a través do Servizo de Cooperación e de Acción Cultural da Embaixada de Francia en España-, homologados pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e contarán cunha certificación de 8 e 20 horas de formación permanente do profesorado respectivamente.

O profesorado interesado en participar nos cursos de formación realizará a súa inscrición a través da *Alliance Française* de Santiago de Compostela: info@afsantiago.es ou a *Alliance Française* de Vigo: direccion@alliancevigo.org.

1-. Curso AVALIAR SEGUNDO OS CRITERIOS DO MECRL.

Obxectivo: Adquirir, reforzar e compartir ferramentas didácticas e prácticas para avaliar as probas do DELF escolar e preparar o seu alumnado para as ditas probas.

Duración: 8 horas.

Datas: 19 e 20 de xaneiro e 26 e 27 de xaneiro.

Lugares de realización:

-A Coruña: 19 e 20 de xaneiro.

-Lugo: 26 e 27 xaneiro.

-Ourense: 26 e 27 xaneiro.

-Santiago de Compostela: 19 e 20 de xaneiro.

-Vigo: 19 e 20 de xaneiro.

Horarios: de 16 h a 20 h.

Perfil do profesorado:

-Profesorado especialista en lingua francesa.

-Profesorado que imparta unha sección bilingüe en francés que acredite posuír o título C1 no MCREL.

Prazas*: máximo de 12 prazas por cada lugar de realización do curso.

*Para poder configurar o grupo requírese un mínimo de 6 persoas participantes.

2-. Curso HABILITACIÓN OFICIAL PARA EXAMINAR E CORRIXIR AS PROBAS DO DELF ESCOLAR.

Obxectivo: Avaliar as habilidades das persoas candidatas ao DELF escolar segundo as pautas que rexen o diploma en cada nivel (A2, B1 e B2).

Duración: 20 horas lectivas.

Datas: 16,17,18, 23 e 24 de febreiro.

Lugares de realización: A Coruña, Santiago de Compostela e Vigo.

Horarios: 16, 17 de febreiro de 16 h a 20 h

18 de febreiro de 10 h a 14 h.

23 e 24 de febreiro de 16 h a 20 h.

Perfil do profesorado*:

-Profesorado de ensinanza secundaria especialista en lingua francesa.

*Para acceder ao curso terá preferencia o profesorado que acredite ter preparado o seu alumnado para os exames do DELF en convocatorias anteriores e que participara no curso anterior: *Avaliar segundo os criterios do MECRL.*